

DECRETO DA ALCALDÍA

O día 17 de xuño de 2023 constituíuse a nova Corporación Municipal polo que, de conformidade coas competencias que me outorgan o artigo 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 40 do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (ROGA),

RESOLVO:

Primeiro. Designar como membros da Xunta de Goberno da cidade de Santiago ás/os seguintes concelleiras/os:

- Don Manuel César Vila, que asumirá as funcións de concelleiro- secretario.
- Dona Míriam Louzao Fernández, que asumirá as funcións de concelleira- secretaria suplente.
- Don Xesús Manuel Domínguez Domínguez.
- Dona Pilar Lueiro García.
- Don Iago Lestegás Tizón.
- Dona María Rozas Pérez.
- Don Xan Xesús Duro Fernández.


Segundo. A Xunta de Goberno da cidade de Santiago celebrará as súas sesións de carácter ordinario unha vez á semana, os días luns ás 10:00 horas, agás cando este sexa festivo, suposto no que a sesión se trasladará ao día hábil seguinte á mesma hora.

As sesións de carácter extraordinario celebraranse de conformidade co establecido nas disposicións vixentes.

A Alcaldesa poderá mudar o día e hora das sesións, así como suspendelas.

Terceiro. Nomear, en exercicio das competencias que me outorga o artigo 125 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 50 do ROGA, ás/os seguintes Tenentes de Alcaldesa:

- Primeira tenente de alcaldesa: dona María Rozas Pérez.
- Segunda tenente de alcaldesa: dona Míriam Louzao Fernández.
- Terceiro tenente de alcaldesa: don Xesús Manuel Domínguez Domínguez.
- Cuarta tenente de alcaldesa: dona Pilar Lueiro García.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Os/as tenentes de alcaldesa asumirán as funcións da Alcaldesa, por delegación expresa, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal.

No caso de ausencia por máis de vinte e catro horas e sen ter delegado, ou ante a imposibilidade de outorgar a delegación por causa imprevista, a/o Tenente de alcaldesa correspondente substituirán á Alcaldesa na totalidade das súas funcións, dando conta diso ao resto da Corporación

Os/as Tenente de alcaldesa substituirán automaticamente á Alcaldesa na Presidencia se durante a celebración dunha sesión debe absterse de intervir nalgún punto concreto da mesma, segundo o previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por concorrer algunha das causas recollidas na lexislación do procedemento administrativo e de contratos das Administracións Públicas.

Cuarto. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2023.

A Alcaldesa,

Goretti Sanmartín Rei.